

Habita Rural

**CATÁLOGO DE OPORTUNIDADES
NOS CONCELLOS DE OUROL, MURAS E XERMADE**



Coordinación: Brais Pérez

Redacción: Brais Pérez, Javier Crespán, Saray Durán

Diseño e maquetación: Kika Ramil

Revisión: Irene Tomé, Natalia Monje

A Coruña, 2021
Ecos do Sur



Atribución-NonComercial-SenDerivadas 4.0 Internacional.

Permítese que a obra sexa descargada e compartida sempre que se recoñeza a súa autoría, pero non se pode modificar de ningunha maneira nin se pode utilizar con fins comerciais.

Índice

<i>Introdución</i>	4
<i>Análise por Concellos</i>	5
<i>O catálogo de oportunidades</i>	9
<i>Oportunidades de emprendemento segundo sectores económicos</i>	10
<i>Turismo</i>	11
<i>Agro gandeiro e forestal</i>	14
<i>Servizos para empresas</i>	23
<i>Servizos para persoas</i>	29
<i>Bibliografía</i>	33


1. Introducción

De acordo co Instituto Nacional de Estatística, os catro concellos que cubre este catálogo contaban no seu conxunto cunha poboación empadroada de 18.788 persoas no ano 2020. A nivel sociodemográfico, é importante subliñar as importantes diferencias que existen entre Viveiro por unha banda, e Muras, Oourol e Xermade, por outra. Mentres Viveiro, con 15.391 habitantes, era no ano 2020 o terceiro concello máis poboado da provincia de Lugo, a poboación nos outros tres oscilaba entre os 1.783 habitantes de Xermade e os 619 de Muras, pasando polos de 995 de Oourol. A presenza da Vila de Viveiro, principal centro de poboación a nivel comarcal, xera no Concello de Viveiro dinámicas demográficas, sociais e económicas distintas ás dos outros tres concellos, que se reflicten en aspectos tales como o menor envellecemento demográfico, unha maior porcentaxe de persoas residentes de nacionalidade estranxeira, ou o peso máis significativo do sector servizos no emprego.


Comparados con Viveiro, os concellos de Muras, Oourol e Xermade sen dúbida comparten un perfil máis rural. Ao mesmo tempo, cada un deles conta con particularidades propias que o contraste con Viveiro non debería escurecer. A continuación, procédese a unha breve análise de datos demográficos e de emprego básicos para cada concello, co obxecto de contextualizar o catálogo de oportunidades que se presentará en seccións posteriores. Entre os aspectos que se analizan para cada municipio se inclúen: a poboación total empadroada e a súa desagregación por sexo, idade e orixe nacional; o número de contratos laborais rexistrados no ano 2020 e a desagregación deses contratos por sector de actividade, por temporalidade do contrato e por sexo e nivel de estudos das persoas contratadas; e, finalmente, as cifras de paro, desagregadas por **sexo e nivel de estudos das persoas desempregadas**.

Imaxe I: Municipios de Muras, Oourol, Viveiro y Xermade

Fonte: Instituto Nacional de Estatística



2. Análise por Concellos




2.1 Concello de Muras

Poboación


No ano 2020, Muras contaba cunha poboación de **619 habitantes**, unha redución do 7,34% comparado co ano 2016. A distribución por sexo estaba bastante equilibrada, cun 49,60% de mulleres e un 50,40% de homes. O envellecemento era notable, con máis do 40% da poboación por enriba dos 64 anos, mentres a poboación de nacionalidade estranxeira apenas representaba o 2,10% do total.

Imaxe II: Evolución da poboación en Muras entre os anos 2016 e 2020


Fonte: Instituto Nacional de Estatística



Imaxe III: Poboación en Muras por grupos de idade



Fonte: Instituto Nacional de Estatística




Emprego

Segundo datos do SEPE, Muras contaba ao remate do ano 2020 con 256 persoas afiliadas á Seguridade Social, o que indica un nivel relativamente alto de emprego en proporción á poboación en idade de traballar. Por outra banda, había en Muras 24 persoas rexistradas como desempregadas, 16 homes e 8 mulleres. O nivel de desemprego no concello era por tanto máis ben baixo, situándose nunha taxa do 8,57%¹. As actividades económicas cun maior número de afiliados á Seguridade Social a fins do 2020 eran (1) fabricación de produtos de caucho e plástico; (2) agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas; (3) transporte terrestre e por tubeira; e (4) actividades de servizos sociais sen aloxamento.

Ao longo do ano 2020, Muras rexistrou 91 novos contratos de emprego. A maioría dos contratados foron homes (65,93%). O 89,01% dos contratos rexistrados no 2020 foron de tipo temporal, indicando unha alta taxa de temporalidade. Por nivel de estudos, a maioría dos novos contratos foron para persoas con educación secundaria obrigatoria (46,15%), seguido de persoas con estudos primarios ou non acreditados e persoas con FP grado superior (13,19%), persoas con estudos universitarios (10,99%), persoas con FP de grado medio (8,79%) e con bacharelato ou equivalente (7,69%).

¹ Utilizando os datos do Boletín de Mercado de Traballo Municipal do SEPE do ano 2020, neste traballo estamos a calcular a taxa de desemprego para un concello de acordo a seguinte fórmula: número de persoas en paro/(número de persoas en paro+número de persoas afiliadas á Seguridade Social)x100.

2. Análise por Concellos




2.2 Concello de Ourol

Poboación


A poboación de Ourol no ano 2020 era de 995 habitantes, unha caída do 3,77% con respecto ao ano 2016. Cun 48,94% de mulleres e un 51,06% de homes, a poboación do concello estaba relativamente equilibrada en canto a sexo. Ao igual que Muras, Ourol contaba no ano 2020 cunha poboación bastante envellecida (máis do 40% dos habitantes do concello superaban os 64 anos) e unha escasa presenza de persoas residentes de nacionalidade estranxeira (un mero 2,51% do total).

Imaxe IV: Evolución da poboación en Ourol entre os anos 2016 e 2020


Fonte: Instituto Nacional de Estatística



Imaxe V: Poboación en Ourol por grupos de idade



Fonte: Instituto Nacional de Estatística




Emprego

De acordo aos datos do SEPE, Ourol tiña a finais do ano 2020 un total de 187 persoas afiliadas á Seguridade Social, un nivel relativamente baixo de emprego en relación á poboación en idade de traballar residente no concello. Ao mesmo tempo, 58 persoas estaban rexistradas como desempregadas (31 homes e 27 mulleres), o que indica unha taxa de desemprego bastante elevada (23,67%). As actividades económicas cun maior número de afiliados á Seguridade Social a 31 de decembro do 2020 eran (1) Administración Pública e defensa; (2) agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas; (3) comercio ao por maior e intermediarios de comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas; e (4) silvicultura e explotación forestal.

Durante o 2020, Ourol rexistrou 101 novos contratos de emprego. O 83,17% das persoas contratadas foron homes, e tan só o 16,83% mulleres. O 82,18 deses contratos foron de tipo temporal. Por tanto, ao igual que Muras, Ourol ten un mercado laboral moi masculinizado e con unha alta taxa de temporalidade. Polo que a nivel de estudos se refire, a maioría dos novos contratos foron para persoas con estudos primarios ou non acreditados (50,50%), seguido de persoas con Educación Secundaria Obrigatoria (27,72%), persoas con FP de grado medio (13,86%). En xeral, predomina en Ourol un emprego que non require dun alto nivel educativo.

2. Análise por Concellos




2.3 Concello de Viveiro

Poboación


O Concello de Viveiro contaba con 15.291 habitantes no ano 2020, un decrecemento de apenas o 1,43% con respecto ao 2016. O 51,02% das persoas residentes eran mulleres e o 48,98% homes, o que non indica un desequilibrio por sexo de relevancia. Comparado cos outros concellos que se inclúen neste catálogo, Viveiro conta cunha poboación relativamente nova (as persoas maiores de 64 anos representaban en torno ao 25% dos residentes no ano 2020) e cunha maior proporción de persoas de nacionalidade estranxeira (6,28% do total de residentes, no ano 2020).

Imaxe VI: Evolución da poboación en Viveiro entre os anos 2016 e 2020


Fonte: Instituto Nacional de Estatística



Imaxe VI: Poboación en Viveiro por grupos de idade



Fonte: Instituto Nacional de Estatística




Emprego

A finais do ano 2020, de acordo ao SEPE, había en Viveiro un total de 4.184 persoas afiliadas á Seguridade Social. Mentres, 1.173 persoas estaban rexistradas como desempregadas, elevando a taxa de desemprego ao 21,90%. Con respecto ao sexo, o 60,44% das persoas en situación de desemprego eran mulleres, e só o 39,56% eran homes. As actividades económicas con maior número de afiliados á Seguridade Social eran (1) pesca e acuicultura; (2) comercio ao por menor e intermediarios de comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas; (3) servizos de comidas e bebidas e (4) comercio ao por maior e intermediarios deste comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas. O peso do sector servizos no mercado laboral de Viveiro parece por tanto claro, e ao contrario que nos outros tres concellos incluídos no catálogo, a principal actividade é a pesca e acuicultura.

Entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2020, Viveiro rexistrou 6.828 novos contratos de emprego. O 33,41% deses contratos foron para mulleres, mentres que o 66,59% restante foron para homes. O 90,41% dos contratos rexistrados no concello de Viveiro no ano 2020 foron temporais. No que se refire ao nivel de estudos das persoas contratadas, a maioría dos contratos foron para persoas con estudos primarios ou non acreditados (47,58%), seguido de persoas con Educación Secundaria Obrigatoria (26,85%), persoas con FP de grado medio (8,19%), e persoas con Bacharelato ou equivalente (7,88%).


2. Análise por Concellos



2.4 Concello de Xermade


Poboación

No ano 2020, Xermade tiña unha poboación de 1.783 habitantes, un 8,23% menos que no 2016. Ao igual que nos outros tres concellos de interese, a distribución da poboación en canto a sexo estaba bastante equilibrada (50,93% mulleres e 49,07% homes). Os residentes con máis 64 anos representaban no ano 2020 en Xermade en torno ao 35% do total. Neste sentido, aínda que Xermade parece perder habitantes nos últimos tempos a un ritmo máis alto que Muras e Ourense, a súa poboación está algo menos envellecida que a destes dous concellos. Polo que respecta á poboación de nacionalidade estranxeira, a súa proporción en Xermade no ano 2020 (2,08%) era similar á de Muras e Ourense, e moi inferior á de Viveiro.




Imaxe VIII: Evolución da poboación en Xermade entre os anos 2016 e 2020

Fonte: Instituto Nacional de Estadística



Imaxe IX: Poboación en Xermade por grupos de idade

Fonte: Instituto Nacional de Estadística



Emprego

Segundo o SEPE, Xermade contaba ao remate do ano 2020 con 340 persoas afiliadas á Seguridade Social, un nivel baixo de emprego en proporción á poboación do concello en idade de traballar. A pesar disto, soamente había 61 persoas rexistradas como desempregadas, mulleres na súa maioría (57,38%). A taxa de desemprego situábase no 15,21%, a segunda máis baixa dos concellos analizados. As actividades económicas con maior número de afiliados á Seguridade Social en Xermade eran (1) agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas; (2) servizos de comidas e bebidas; (3) comercio ao por menor e intermediarios de comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas; (4) administración pública e defensa. Por tanto, aínda que o sector agrícola e gandeiro é o principal en canto ao emprego en Xermade, o sector servizos ten un maior peso que por exemplo en Muras ou Ourense.

Durante o ano 2020 se deron en Xermade 155 novos contratos de emprego. O 72,90% deses contratos se fixeron a homes e o 27,10% a mulleres. Ao igual que nos outros concellos cubertos no catálogo, a taxa de temporalidade na contratación é moi alta en Xermade, e o 85,81% dos contratos rexistrados no ano 2020 foron de tipo temporal. Por nivel de estudos, a maioría dos novos contratos foron para persoas con estudos primarios ou non acreditados (33,55%), seguido de persoas con Educación Secundaria Obrigatoria (22,58%), persoas con FP grado superior (21,94%), e persoas con FP de grado medio (10,32%). De forma similar ao que víamos no caso de Ourense, predomina en Xermade un tipo de emprego que non require un alto nivel educativo.

3. O Catálogo de oportunidades

En que consiste?

O catálogo de oportunidades trata de identificar algunhas das máis significativas oportunidades de emprendemento, tendo en conta as potencialidades que ofrece o territorio obxecto desta análise.

Para cada oportunidade desenvólvese unha ficha onde se reflexan as súas características principais.

Este documento nace dunha recollida de datos a través dunha serie de entrevistas e xuntanzas mantidas con axentes claves da zona, tales como asociacións culturais, de dinamización do territorio ou de veciños, empresarios, persoeiros do lugar e entidades locais, tanto na súa vertente política como técnica.



Logo de recoller os datos citados, os estudamos e analizamos para ofrecer a información que seremos quen de transmitir nas seguintes páxinas.

Que obxectivos ten?

- ✓ Fomentar o emprego e emprendemento nos concellos obxecto de actuación.
- ✓ Dinamizar a inserción laboral por conta propia ou allea de persoas con vontade de trasladarse ao rural.
- ✓ Dar a coñecer oportunidades de emprego e emprendemento.
- ✓ Facilitar o acceso á información sobre os sectores con máis potencial no territorio.

SUBSECTORES ECONÓMICOS

Durante a recollida de datos identificáronse diversos sectores económicos que se consideran claves como oportunidade de emprego e emprendemento. En concreto os sectores máis relevantes son:

ÁREA	OPORTUNIDADE
Turismo	<ul style="list-style-type: none"> • Turismo activo, itinerarios culturais, roteiros de sendeirismo • Eco turismo e turismo participativo • Hostalería, restauración e casas de turismo rural sustentable
Agro gandeiro e forestal	<ul style="list-style-type: none"> • Relevo e renovación de explotacións gandeiras • Explotación de gandería avícola ecolóxica • Explotación gandería en extensivo • Apicultura • Explotación agraria de horta • Explotación de froiteira e froitos vermellos (phisallys e arando) • Explotación forestal diversificada e sustentable, gandería, couto de cogomelos, etc. • Cultivos complementarios ás explotacións gandeiras • Servizos forestais: desbroces, limpeza, etc.
Servizos para empresas e explotacións	<ul style="list-style-type: none"> • Transformación de produtos hortícolas • Comercialización e distribución de produtos hortícolas • Transformación de madeira • Asesoría ou xestoría de empresas • Servizos de apoio ás labores de explotacións agrarias, gandeiras e forestais • Servizos de substitución para explotacións gandeiras
Servizos a persoas	<ul style="list-style-type: none"> • Transformación de produtos hortícolas • Comercialización e distribución de produtos hortícolas • Transformación de madeira • Asesoría ou xestoría de empresas • Servizos de apoio ás labores de explotacións agrarias, gandeiras e forestais • Servizos de substitución para explotacións gandeiras

4. Oportunidades de emprendimiento segundo sectores económicos

Turismo activo, itinerarios culturais, roteiros de sendeirismo.

TURISMO

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Servizos de turismo activo centrados na realización de actividades de aventura na natureza e roteiros de sendeirismo. Tamén son de interese empresas dedicadas á organización e guía de itinerarios culturais e interpretativos, complementados con itinerarios organizados para o desfrute do turismo gastronómico.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Existen dous grupos ben diferenciados de público obxectivo. Por una banda habitantes da zona ou próximos; e por outra turistas, axencias de viaxes, establecementos que ofrezan aloxamento.

ZONA DE INFLUENCIA

Calquera dos tres concellos obxecto do presente estudo, con especial incidencia en Oourol e Muras.

PERFIL EMPREENDEDORAS

- Persoas desempregadas con formación e experiencia nalgunha das actividades descritas, con inqueda pola natureza e as actividades de aventura.
- Empresarias que teñan unha actividade relacionada coas descritas e queiran ampliar o seu negocio.

XUSTIFICACIÓN

Existe unha crecente demanda social de fórmulas alternativas de ocio. En canto ao territorio de referencia, ten un grande potencial natural e cultural para a implantación de proxectos turísticos. Ademais de contar con amplas zonas onde desenvolver turismo de aventura, como roteiros de sendeirismo, escalada, actividades acuáticas, etc., presume igualmente de elementos culturais e patrimoniais de gran interese como mámoas, petróglifos e dolmens. Esta demanda tende a incrementarse desde a situación de pandemia orixinada en 2020 pola Covid-19 e a procura de ocio en lugares naturais e sen aglomeracións de persoas. Igualmente podemos dicir que non existe unha alta competencia, se ben si que se conta con algún establecemento de turismo sustentable co que se poidan xerar sinerxías.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

A fórmula apropiada para a prestación destes servizos pode ser tanto unha cooperativa de traballo asociado como unha cooperativa de servizos que agrupe a proxectos e outras empresas demandantes dos servizos.



Eco turismo,
e turismo participativo.

TURISMO

BREVE DESCRIPCIÓN DA OPORTUNIDADE

Organización de actividades participativas que permitan ás turistas interactuar co medio onde desfrutan das súas visitas ou vacacións, a través de obradoiros de artesanía, horticultura, pesca, recuperación de labores, oficios e xogos tradicionais.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Turismo de media e longa estancia, así como persoas da interesadas na cultura tradicional.

ZONA DE INFLUENCIA

Calquera dos concellos obxecto de estudo.

PERFIL EMPRENDEDORAS

Asociacións culturais e veciñais en colaboración con persoas que desenvolveran oficios tradicionais, artesanais e distintas produtoras, así como persoas desempregadas con inquietudes culturais e vontade de vivir no rural.


XUSTIFICACIÓN

Cada día é maior a preocupación pola preservación e recuperación do medio ambiente e da cultura tradicional en toda a súa extensión. O turismo cultural, ademais de resultar compatible co recreativo, achega novas posibilidades tanto para atraer turismo como para alargar as estancias medias na zona.

A oportunidade ten a virtualidade de darlle maior visibilidade e relevancia aos esforzos que realizan entidades asociativas e persoas a título particular, ao tempo que supón un modo para financiarlas e contribúe a crear un entramado de servizos que, complementando a oferta turística, sexan capaces de xerar novos empregos.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

A fórmula apropiada para a prestación destes servizos pode ser tanto unha cooperativa de traballo asociado como unha cooperativa de servizos que agrupe ás distintas entidades e persoas implicadas. En ambos casos, establecendo instrumentos de colaboración coas asociacións culturais e veciñais da zona.



Hostalería, _____
restauración e casas de turismo rural sustentable.

TURISMO

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Entidades que ofrezan hospedaxe e servizos de restauración, utilizando produtos locais e de calidade e con actividades complementarias de carácter lúdico que permitan desfrutar da estancia nos propios establecementos ou nos seus arredores.

Especialmente importantes son entidades que presten servizo de hospedaxe e alimentación cunha forma de traballar sustentable e na medida do posible ecolóxica, que reforce a tendencia social cara modos de vida máis amigables co medio ambiente.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Turistas en xeral e axencias de viaxes.

ZONA DE INFLUENCIA

Calquera dos concellos obxecto de estudo.

PERFIL EMPRENDEDORAS

Persoas desempregadas con experiencia ou formación en hostalería e restauración e con coñecemento e interese en actividades sustentables e ecolóxicas.

XUSTIFICACIÓN

Nos últimos anos deuse un incremento moi importante da preocupación da sociedade por vivir de modos máis sustentables e que xeren un menor impacto no medio. As persoas con esta inqueda a poden levar a todos os seus ámbitos, incluído o turismo do que desfrutan. Apostar por unha forma respectuosa co medio á hora de desenvolver un negocio de turismo é garantía para atraer a clientela potencial que comparte as preocupacións descritas.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

A fórmula idónea para este tipo de actividade pode ser a cooperativa de traballo asociado.



Relevo e renovación de explotacións gandeiras

AGRO GANDEIRO E FORESTAL

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Articulación do relevo e renovación das explotacións gandeiras mantendo a súa actividade produtiva básica e combinándoa, de ser o caso, con actividades complementarias.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Titulares de explotacións gandeiras, e particularmente os agrupados en cooperativas.

ZONA DE INFLUENCIA

O conxunto do territorio de actuación.

POTENCIAIS EMPRENDEDORES

Explotacións gandeiras en funcionamento, persoas desempregadas en xeral.

XUSTIFICACIÓN

O envellecemento da poboación e a falta de relevo xeracional condena a unha parte das explotacións gandeiras á desaparición cando se produce o abandono da actividade por parte dos titulares e non existe quen os substitúa.

Moitas destas explotacións en risco de desaparición son perfectamente viables e rendibles, por si soas ou agrupándose con outras. Compre polo tanto fomentar a súa continuación, transferindo á titularidade a persoas coa suficiente formación e que contan cunha estrutura de apoio para o desenvolvemento da actividade.

As cooperativas agrarias poden facilitar este proceso de relevo, incentivando a constitución de cooperativas de base que xestionen a explotación e nas que se incorporen as persoas que se fagan cargo da actividade e, de ser o caso, os titulares que a abandonan ou os seus herdeiros.

Outra modalidade pode consistir na incorporación da explotación abandonada a outra en funcionamento ou o agrupamento de varias.

En todo caso, a colaboración e o apoio das cooperativas agrarias nestes procesos pode axudar decididamente ao seu éxito.



Explotación de gandería avícola ecolóxica

AGRO GANDEIRO E FORESTAL

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Creación de granxas gandeiras de aves en ecolóxico, orientadas á produción de ovos e carne de polo. Principalmente razas autóctonas tales como a Galiña de Mos, ou outras. Especialización na crianza de galos en extensivo.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Consumidores finais que busquen alimentos de calidade e diferenciados, tendas e outros canais de comercialización especializados en produtos singulares e gourmet. Restauración e hostalería que procura produtos locais e de calidade para diferenciarse no seu negocio.

ZONA DE INFLUENCIA

As zonas forestais dos tres concellos obxecto do presente estudo.

PERFIL EMPREENDEDORAS

Desempregadas en xeral con experiencia ou formación no traballo con aves.

XUSTIFICACIÓN

Existe unha crecente demanda de produtos alimenticios ecolóxicos a prezos competitivos. Igualmente, cada vez máis a todos os niveis de consumo se aposta polos produtos locais e de calidade. Neste senso, o ovo e a carne de polo ecolóxica son dous produtos cunha demanda crecente tanto entre as consumidoras finais como na canle de hostalaría e restauración. Considérase interesante traballar como produto cun valor engadido fronte ao capón de Vilalba, pola súa proximidade un galo criado en liberdade, en ecolóxico e cunha garantía na calidade e benestar animal.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

A fórmula cooperativa que probablemente mellor se adapte a este tipo de actividade é a cooperativa de explotación comunitaria da terra.



Explotación gandeira en extensivo

AGRO GANDEIRO E FORESTAL

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Aproveitamento de amplas extensións agrarias e forestais infrautilizadas para a gandería en extensivo, en particular orientada a razas autóctonas de gando vacún, porco celta e gando ovino e caprino para a obtención de producións de calidade.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Restauración e hostalería que procura produtos locais e de calidade para diferenciarse no seu negocio.

ZONA DE INFLUENCIA

Montes comunais e privados, así como extensións agrarias infrautilizadas.

PERFIL EMPRENDEDORAS

Propietarias de terras que estean abandonadas ou infrautilizadas. Veciñas con dereito a uso de montes en man común. Desempregadas en xeral con experiencia ou formación no traballo con gando.

XUSTIFICACIÓN

No territorio obxecto de estudo localízanse grandes extensións de terreo infrautilizado ou abandonado. Lugares que pola situación tenden a ser zonas de conflito, fonte de traballos e gastos para as súas propietarias e mesmo terras con elevado risco de incendio. A utilización destes lugares de xeito combinado entre gandería e forestal, utilizando metodoloxías sustentables de manexo en silvicultura, cumpre a dobre función de solucionar un problema de abandono de terras e dar a oportunidade de negocio ás persoas interesadas, mantendo sempre a perspectiva de coidado do medio.

Por outra banda, este tipo de produtos cárnicos é cada vez máis demandado e atopa un importante nicho de mercado non só no consumo especializado entre particulares, senón na hostalería galega.

Adicionalmente, a preparación e mantemento do monte e agras abandonadas xera importantes beneficios ecolóxicos e sociais, colaborando eficazmente na prevención de lumes e facilitando a utilización para actividades complementarias.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

A fórmula cooperativa que probablemente mellor se adapte a este tipo de actividade é a cooperativa de explotación comunitaria da terra.



Apicultura

AGRO GANDEIRO E FORESTAL

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Instalación de colmeas para mel; recollida, transformación e comercialización de mel e produtos derivados do mesmo, tales como mel en panal, protector labial con cera de abella, própolis, cosmética, etc.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Consumidores finais que procuran un produto artesán e de alta calidade, con garantía de procedencia e trazabilidade demostrada.

ZONA DE INFLUENCIA

As zonas forestais dos tres concellos obxecto do presente estudo.

PERFIL EMPREENDEDORAS

Persoas xa instaladas no territorio, ou que se queren trasladar e buscan unha oportunidade complementaria á súa actividade económica principal. Desempregadas en xeral.

XUSTIFICACIÓN

O mel e os produtos derivados del, artesáns, locais e con garantía de procedencia, tiveron un incremento da súa demanda nos últimos anos. Despois da aparición de problemas relacionados co procedencia dubidosa e de escasa calidade, cada vez máis as consumidoras procuran un produto que sexa quen de ofrecer unha garantía e trazabilidade.

Igualmente, os derivados do mel, grazas as súas propiedades organolépticas e nutricionais teñen cada vez máis seguidores entre as persoas que procuran axustarse a unha alimentación saudable.

A extracción e transformación de mel pódese entender de dúas formas distintas e complementarias de dedicación, por unha banda é unha produción que non con leva un gran esforzo en cantidade de tempo a adicarlle durante o ano, polo que é ideal como actividade económica complementaria á principal, como produción artesá e de venda directa. E pola outra banda co incremento de demanda vivido nos últimos anos podemos dicir que tería cabida igualmente unha produción a gran escala para mercados locais e internacionais con orixe nos montes galegos.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

Para o desenvolvemento desta actividade pode ser adecuada unha cooperativa de traballo asociado ou de explotación comunitaria da terra. No caso de desenvolverse como actividade complementaria por parte dun grupo de vecinos da zona, unha cooperativa de servizos de comercialización e distribución.



Explotación agraria de horta

AGRO GANDEIRO E FORESTAL

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Explotacións adicadas á produción de horta e flor de trazabilidade demostrada, dun xeito sustentable e ecolóxico. É desexable calquera produción de horta ou flor que polas súas características endóxeas fose ideal para o terreo no que se instalara.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Consumidores dos núcleos urbanos das proximidades para os produtos en fresco, que busquen unha alta calidade nos alimentos que consumen e que teñan preocupación polo proceso de produción dos mesmos. Cooperativas de consumidores e usuarios e grupos de consumo galegos que buscan produción ecolóxica e sustentable.

ZONA DE INFLUENCIA

Dentro dos tres obxectos de estudo existen zonas válidas e desexables para os cultivos de horta e flor. En calquera deles é posible desenvolver un proxecto produtivo das características indicadas.

PERFIL EMPREENDEDORAS


Xuventude desempregada e desempregados en xeral, con experiencia ou formación no sector.

XUSTIFICACIÓN

Toda a zona se caracteriza por ter uns terreos fértiles e un clima adecuado para a produción de horta e flor, de produtos con trazabilidade demostrada, de calidade e nalgúns casos de produto ecolóxico. de xeito diferenciado segundo o concello, o territorio que nos ocupa está infrautilizado en canto a estas producións se refire. Ademais mantense a tendencia dos anos anteriores de incremento da demanda.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

Esta actividade pode organizarse como cooperativa de traballo asociado, como cooperativa de explotación comunitaria da terra e tamén como cooperativa agraria comercializadora.



Explotación froiteira e froitos vermellos (*phisallys* e arando)

AGRO GANDEIRO E FORESTAL

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Plantación de árbores froiteiras; recolección, transformación e comercialización de froitas dirixidas tanto ao consumo en fresco como transformado en diferentes presentacións, como deshidratados, doces, conservas, etc. Con garantía de orixe e preparadas especificamente para o mercado local e internacional.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Consumidoras finais, restauración e tendas gourmet ou especializadas en produtos de calidade, con especial atención ao mercado internacional.
Empresas do ámbito industrial que utilicen as froitas na elaboración dos seus produtos.

ZONA DE INFLUENCIA

Os concellos obxecto de estudo.

PERFIL EMPRENDEDORAS

Persoas desempregadas en xeral, habitantes da zona e calquera outra persoa que queira instalarse no rural para realizar outra actividade e queira ter un complemento a través da froita.

XUSTIFICACIÓN

As froiteiras foron tradicionalmente un cultivo cunha alta implantación nos tres concellos estudados. Se ben a día de hoxe están bastante desaparecidas o territorio conta cunhas condicións climáticas e do terreo moi favorables para o seu cultivo, tanto de variedades tradicionais como de outras máis novidasas como os froitos vermellos -en concreto os arandos- e os *phisallys*. Ambos produtos están moi de moda na gastronomía gourmet e teñen unha alta demanda tanto local como internacional.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

Posiblemente as formas máis adecuadas para o desenvolvemento desta actividade sexan a cooperativa de explotación comunitaria da terra ou a cooperativa de traballo asociado. Tamén sería interesante a posibilidade de articular a comercialización e transformación da froita a través dunha cooperativa de servizos.



Explotación forestal diversificada e sustentable, gandería, couto de cogomelos, etc.

AGRO GANDEIRO E FORESTAL

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Utilización das potencialidades do monte para a súa explotación racional e sustentable. Entre as actividades a desenvolver pódense contemplar o aproveitamento forestal, o silvopastoreo, a produción de mel e de cogomelos, así como a caza e servizos

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Empresas demandantes de produtos forestais, consumidoras finais dos produtos, recolectoras de cogomelos, cazadoras e empresas de turismo activo.

ZONA DE INFLUENCIA

Montes comunais e montes privados de todo o territorio.

PERFIL EMPREENDEDORAS

Comunidades de montes e propietarias privadas, especialmente as dedicadas a actividades agrarias ou gandeiras, así como persoas desempregadas.

XUSTIFICACIÓN

No territorio obxecto de estudo localízanse grandes extensións de terreo infrutilizado ou abandonado. Lugares que pola situación tenden a ser zonas de conflito, fonte de traballos e gastos para as súas propietarias e mesmo terras con elevado risco de incendio. A utilización destes lugares de xeito combinado e sustentable cumpre a dobre función de solucionar un problema de abandono de terras e dar a oportunidade de negocio ás persoas interesadas, mantendo sempre a perspectiva de coidado do medio.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

Mediante cooperativas de propietarias forestais e cooperativas de explotación comunitaria da terra.



Cultivos complementarios ás explotacións gandeiras

AGRO GANDEIRO E FORESTAL

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Produción de forraxe e outros cultivos complementarios para as explotacións gandeiras en terras ociosas.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Titulares de explotacións gandeiras, cooperativas de produción, cooperativas de subministracións e comercialización e as súas socias.

ZONA DE INFLUENCIA

O territorio rural que conte con terras aptas para a produción de forraxe e non explotadas.

PERFIL EMPRENDEDORAS

Desempregadas en xeral.

XUSTIFICACIÓN

Actualmente o forraxe impórtase a prezos moi altos que encarecen os custos de produción das explotacións gandeiras. Ao mesmo tempo, existen terras que non están sendo utilizadas e que son aptas para a produción de forraxe.

O desenvolvemento desta actividade en proximidade aos destinatarios permitiría ofertar forraxe a prezos competitivos, o que unido a importante demanda existente e a escasa oferta, garantiría a súa venda no mercado. Ademais dos beneficios en termos de emprego xerado, obteríanse beneficios para as gandeiras derivados do aforro de custos de produción.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

A fórmula máis axeitada para a organización e prestación destes servizos é a cooperativa de traballo asociado ou a cooperativa de explotación comunitaria da terra.



Servizos forestais: _____
desbroces, limpeza, etc.

AGRO GANDEIRO E FORESTAL

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Prestación de servizos de forestais, desbroce e limpeza de montes, así como creación e mantemento de viveiros.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Propietarias de terras que precisen do seu coidado e acondicionamento.
Comunidades de montes en man común. Titulares de explotacións forestais e explotacións agrarias.

ZONA DE INFLUENCIA

Zonas rurais e forestais de todo o territorio.

PERFIL EMPREENDEDORAS

Desempregadas en xeral, con experiencia ou formación no sector.

XUSTIFICACIÓN

Existe un gran número de hectáreas no ámbito rural, con amplas extensións forestais. Terreos con propietarias como comunidades de montes ou particulares que non dispoñen de tempo ou recursos suficientes para facerse cargo de todos os requirimentos das súas terras. Esta situación crea unha necesidade que pode ser cuberta por persoas desempregadas neste territorio.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

A fórmula máis axeitada para a organización e prestación destes servizos é a cooperativa de traballo asociado.



Transformación de produtos hortícolas

SERVIZOS PARA EMPRESAS

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Servizos de recollida dos produtos da horta ás produtoras para a súa posterior transformación e comercialización. Debe utilizarse materia prima garantida e trazabilidade demostrable e con transformación artesanal.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

- Consumidoras dos núcleos urbanos das proximidades para os produtos en fresco, que busquen unha alta calidade nos alimentos e que teñan preocupación polo proceso de produción dos mesmos.
- Cooperativas de consumidores e usuarios e grupos de consumo galegos que buscan produtos sustentables e con garantía de procedencia e calidade.

ZONA DE INFLUENCIA

Todo o territorio de actuación.

PERFIL EMPREENDEDORAS

Asociacións de produtoras e desempregadas en xeral.

XUSTIFICACIÓN

Actualmente non se oferta este tipo de servizo, que pode ter moi boa acollida entre as consumidoras, dada a crecente demanda de produtos de proximidade con calidade garantida. As cooperativas de consumidores ou os grupos de consumo de carácter ecolóxico ou que buscan produtos sustentables demandan este tipo de alimentos, que actualmente non poden ofrecer ás súas asociadas, dado que non existe unha oferta diferenciada destas características.

No que respecta á obtención dos produtos, tense constatado que un dos grandes problemas cos que contan as produtoras é precisamente o de conseguir unha canle de venda. Esta oportunidade de negocio, xunto coa comercialización en si mesma, pode ofrecerlles un amplo abano de posibilidades para dar saída aos seus produtos.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

Como posible fórmula de articulación do proxecto recoméndase a utilización da figura de cooperativa de traballo asociado.



Comercialización e distribución de produtos hortícolas

SERVIZOS PARA EMPRESAS

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Servizos de distribución orientados á comercialización de produtos autóctonos e de calidade procedentes de pequenas produtoras locais e das explotacións do sector primario.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Pequenas empresas produtoras e transformadoras e artesáns, así como explotacións do sector primario.

ZONA DE INFLUENCIA

O conxunto do territorio.

PERFIL EMPRENDEDORAS

Pequenas empresarias, artesáns, titulares de explotacións, así como persoas desempregadas en xeral, con experiencia ou formación no ámbito comercial.

XUSTIFICACIÓN

Existen un importante número de pequenas produtoras, artesáns e explotacións agrarias e gandeiras, que precisan dunha canle eficiente de distribución dos seus produtos cara as persoas consumidoras finais, procurando capturar a maior parte posible de valor engadido.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

Para a prestación do servizo poden resultar adecuadas as fórmulas cooperativas de comercialización conxunta (cooperativas agrarias ou de servizos), ou a cooperativa de traballo asociado que preste servizos de comercialización.



Transformación de madeira

SERVIZOS PARA EMPRESAS

BREVE DESCRIPCIÓN DA OPORTUNIDADE

Servizos de transformación de madeira en distintos niveis, tales como serradoiros, venda de madeira por xunto, ou nun nivel de transformación máis profundo, fabricación de mobles.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Industria de fabricación de mobles e transformación final de madeira. Consumidoras finais de mobiliario. Empresas do ámbito industrial que utilicen a madeira como materia prima na elaboración dos seus produtos.

ZONA DE INFLUENCIA

Principalmente o concello de Oourol, onde se desenvolven máis actividades de extracción de madeira.

PERFIL EMPRENDEDORAS

Desempregadas en xeral, con formación e experiencia no sector.

XUSTIFICACIÓN


Actualmente non se oferta este tipo de servizo, que pode ter moi boa acollida entre a industria e as consumidoras finais deste tipo de produtos.

No concello de Oourol existe un gran volume de extracción de madeira que é necesario transportar para poder transformar. Con anterioridade existía unha empresa de transformación de madeira e fábrica de mobles, pero que por falta de relevo xeracional viuse na obriga de pechar.

Ofrecer os servizos de transformación de madeira daría unha solución local á necesidade das empresas extractoras que teñen no concello a súa área de traballo.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

Como posible fórmula de articulación do proxecto recoméndase a utilización da figura de cooperativa de traballo asociado.



Asesoría ou xestión de empresas

SERVIZOS PARA EMPRESAS

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Servizos de consultaría, xestión e asesoramento especializados, con especial atención a xestións administrativas tales como tramitación de herdanzas, tramitación de axudas etc. Igualmente necesario é o traballo na profesionalización da xestión, o análise económico-financeiro para explotacións gandeiras e para a exportación.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Emprendedoras e pequenas empresas, habitantes da zona en xeral, así como explotacións do sector primario.

ZONA DE INFLUENCIA

A próxima á localización de concentracións empresariais e explotacións.

PERFIL EMPRENDEDORAS

Profesionais con formación e experiencia no ámbito do asesoramento especializado en cada un dos ámbitos.

XUSTIFICACIÓN

Non existe en ningún dos concellos obxecto de estudo ningún proxecto que preste este tipo de servizos á cidadanía e as explotacións do lugar. Deste xeito as persoas que precisan de realizar calquera tipo de xestións administrativas teñen que trasladarse a outras localidades. Igualmente, existe unha carencia importante no ámbito do emprendemento referida á formación en xestión empresarial, así como un elevado risco de fracaso inicial dos proxectos por falta do adecuado acompañamento.

Tendo en conta que o tecido empresarial esta formado maioritariamente por micro empresas e explotacións de reducido tamaño, resulta preciso o apoio e asesoramento externo, dado que internamente non se dispón dos medios humanos e materiais precisos para xestionar eficazmente os proxectos.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

A fórmula máis axeitada para a organización e prestación destes servizos é a cooperativa de traballo asociado.



Servizos de apoio ás labores de explotacións agrarias, gandeiras e forestais

SERVIZOS PARA EMPRESAS

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Prestación de servizos especializados de apoio ás explotacións situadas no ámbito rural para a realización de todo tipo de traballos agrarios, con ou sen maquinaria, traballos forestais, tala e limpeza de montes e todo tipo de actividades complementarias para a mellora da calidade de vida e traballo dos titulares das explotacións.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Explotacións agrarias, gandeiras e forestais que precisen apoio para a realización da súa actividade, con carácter permanente ou esporádico por razóns puntuais.

ZONA DE INFLUENCIA

O territorio rural que conte con explotacións agrarias, gandeiras ou forestais.

PERFIL EMPREENDEDORAS


Desempregados en xeral, con experiencia ou formación no sector.

XUSTIFICACIÓN

Resulta precisa a achega de man de obra en momentos de especial carga de traballo. Ademais, o progresivo abandono do rural fai que moitas explotacións conten con persoas maiores que precisan dun apoio externo para a desenvolvemento das actividades ordinarias. Por outra parte, algunhas destas actividades acostuman a precisar dunha atención continuada que vai en detrimento da calidade de vida das persoas que traballan nelas, agás que se establezan mecanismos de apoio.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

A fórmula máis axeitada para a organización e prestación destes servizos é a cooperativa de traballo asociado.



Servizos de substitución para explotacións gandeiras

SERVIZOS PARA EMPRESAS

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Prestación de servizos de substitución para titulares e colaboradores das explotacións gandeiras.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Titulares e persoas dedicadas a tempo completo as explotacións gandeiras que precisen ser substituídos nas súas labores diarias.

ZONA DE INFLUENCIA

O territorio rural que conte con explotacións gandeiras.

PERFIL EMPREENDEDORAS

Desempregadas en xeral con preparación técnica suficiente para a xestión de explotacións gandeiras.

XUSTIFICACIÓN

As explotacións gandeiras precisan dunha atención constante e continuada, o que fai necesaria a presenza de persoas suficientemente formadas e capaces de substituír ás titulares e ás súas colaboradoras nas labores diarias, durante os períodos en que, por distintas circunstancias, non poden atender directamente a explotación.

Entre as razóns que motivan a substitución están os problemas de saúde, a necesidade de compatibilizar a vida persoal e familiar coas obrigas laborais, ou o desfrute de períodos de descanso.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

A fórmula máis axeitada para a organización e prestación destes servizos é a cooperativa de traballo asociado.



Centros de día para maiores

SERVIZOS PARA PERSOAS

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Servizos de atención ás persoas maiores, tanto en centros de día como en instalacións onde se facilite o aloxamento e atención permanente.

En ámbalos dous tipos de espazos asistenciais, as usuarias deben gozar de servizos de calidade tanto nos aspectos sanitarios como nos culturais e de lecer, que cubran as súas necesidades xa sexa durante unhas horas diarias ou dun xeito permanente.

Os centros de día poderían contar cun alto nivel de especialización no tratamento dunha ou varias doenzas físicas ou psíquicas, colaborando en rede para a prestación deste tipo de servizos específicos no conxunto do territorio, de xeito que a través do conxunto se puideran cubrir o maior número posible de necesidades singulares.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

Persoas maiores que precisan de atención que a familia non poida prestar, ou que queiran desfrutar de compañía e gozar de servizos adaptados aos seus gustos, determinadas horas ao día ou dun xeito permanente.

ZONA DE INFLUENCIA

A necesidade destes servizos é unha constante en todo o ámbito de actuación, por contar tódolos concellos cunha poboación altamente envellecida.

PERFIL EMPREENDEDORAS

Desempregadas en xeral, coa formación requirida no sector.

XUSTIFICACIÓN

O acusado envellecemento da poboación nos concellos analizados e o elevado grao de dependencia de moitos habitantes fan que cada vez sexa máis necesaria a prestación de servizos sociais especializados na atención á Terceira Idade, así como a prestación de apoios aos familiares que os teñen ao seu cargo. Cada vez menos familias dispoñen de membros que poidan prestar esta asistencia, ao que se engade a dificultade que implican en canto á conciliación de vida laboral e persoal e familiar.

Cara o futuro, a prestación externa dos servizos convértese nunha opción cada vez máis necesaria e demandada.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

Podemos contemplar dúas clases de cooperativas apropiadas para este tipo de servizos, por unha banda que as propias persoas maiores e familias creen unha cooperativa de consumidores e usuarios, e por outra, que sexan as persoas traballadoras cualificadas as que creen unha cooperativa de traballo asociado para poder prestar estes servizos.



Atención a domicilio

SERVIZOS PARA PERSOAS

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Prestación de servizos especializados a domicilio:

- Coidado de maiores.
- *Catering*.
- Limpeza.
- Coidado de crianzas.
- Actividades lúdicas e didácticas.
- Transporte privado.
- Servizo de atención permanente a maiores.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

- Persoas de idade avanzada que precisen apoios para a súa vida independente.
- Veciños e veciñas de zonas urbanas e rurais, que precisen axuda no fogar.
- Pais e nais para o coidado de menores.
- Persoas que teñen ao seu coidado maiores e que precisen servizos de apoio ou substitución.

ZONA DE INFLUENCIA

Todo o ámbito territorial deste estudo.

PERFIL EMPRENDEDORAS

Desempregadas en xeral, coa formación requirida no sector.

XUSTIFICACIÓN

O envellecemento da poboación é un fenómeno cada vez máis presente na nosa sociedade e que leva aparellada a necesidade de servizos especialmente dirixidos ás persoas maiores, que favorezan a súa autonomía persoal e melloren a súa calidade de vida.

Por outra parte, a compatibilización da vida laboral e familiar esixe, cada vez máis, a existencia de recursos e apoios, tanto para as tarefas do fogar como para o coidado de menores, maiores ou outras persoas baixo o cargo dos traballadores e traballadoras.

Unha empresa formada por profesionais que presten os seus servizos de xeito conxunto permitiría mellorar súa calidade de vida.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

A fórmula xurídica que mellor se adapta ás esixencias da actividade é a cooperativa de traballo asociado.



**Prestación de servizos relacionados
coa construción e rehabilitación de edificacións:
Albanelaría, lousaría, carpintaría, electricidade e fontanería.**

SERVIZOS PARA PERSOAS

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Obradoiro de servizos relacionados coa rehabilitación, reforma e construción de vivendas e outras edificacións. En concreto albanelaría, lousaría, carpintaría, electricidade e fontanería. Estes servizos deben ser prestados ofrecendo unha garantía de respecto ao medio ambiente.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

- Habitantes da zona obxecto de estudo, con necesidades de pequenos arranxos nas súas vivendas.
- Propietarias e cesionarias da zona con necesidade de construción ou reforma de vivendas e outras edificacións.

ZONA DE INFLUENCIA

A totalidade dos concellos avaliados.

PERFIL EMPREENDEDORAS

Desempregadas en xeral, coa formación requirida no sector.

XUSTIFICACIÓN

Analizado o territorio de actuación, unha constante detectada en todo o territorio é a demanda de servizos relacionados coa rehabilitación de vivendas e servizos de reformas e construción en xeral.

Non existen practicamente empresas que presten este tipo de servizos, e as que hai non chegan a cubrir a demanda coa que contan os concellos da zona.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

Como posible fórmula de articulación do proxecto recoméndase a utilización da figura de cooperativa de traballo asociado.



Artesanía e regalos personalizados para empresas

SERVIZOS PARA PERSOAS

BREVE DESCRICIÓN DA OPORTUNIDADE

Elaboración e comercialización de produtos artesanais e personalizados, especialmente enfocados para ser utilizados como regalos de empresas.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

- Principalmente pequenas e medianas empresas que realicen regalos eventuais aos seus clientes ou provedores e queiran diferenciarse mediante produtos personalizados.
- Consumidores finais: veciñanza e turistas.

ZONA DE INFLUENCIA

En xeral todo o ámbito de estudo, e particularmente aquelas zonas que teñen unha tradición artesá.

PERFIL EMPREENDEDORAS

Artesáns e desempregadas con habilidades para a elaboración dos produtos artesáns en cuestión.

XUSTIFICACIÓN

Estamos nun contexto no que prima a estandarización e a produción en cadea, o que fai que as persoas valoren moito máis os produtos personalizados e artesanais. As empresas que coidan a súa imaxe mediante publicidade ou mercadotecnia son conscientes deste feito, polo que xurde unha necesidade que polo momento non está suficientemente atendida.

FÓRMULAS DE CONSTITUCIÓN

Para a prestación do servizo poden resultar adecuadas as fórmulas de comercialización conxunta a través dunha cooperativa de servizos ou a cooperativa de traballo asociado.



Bibliografía

Instituto Galego de Estatística (2021).

Censo de poboación e vivendas. Poboación.

Recuperado de:

https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0201001001

[Consulta: 15-10-2021]

Instituto Nacional de Estadística (2021).

Padrón. Población por municipios.

Recuperado de:

https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/categoria.htm?c=Estadistica_P&cid=1254734710990

[Consulta: 15-10-2021].

Servicio Público de Empleo Estatal (2021).

Informes anuales del mercado de trabajo provincial y municipal.

Recuperado de:

<https://www.sepe.es/HomeSepe/que-es-el-sepe/observatorio/informes-mercado-trabajo/informes-anuales-mercado-trabajo-provincial-municipal/informes-provincia/ver-resultados.html?documentType=informes&tipo=9&ambito=Provincial&provincia=27>

[Consulta: 19-10-2021].

**Unha publicación de Ecos do Sur
Ano 2021**

www.ecosdosur.org